



Sr. D.

Juan José Martín Álvarez

Secretario de Gobierno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

A Coruña

A Coruña, 22 de marzo de 2023

Coa finalidade de regular a remisión de notificacións e emprazamentos para cando se produza a finalización da folga de Letrados da Administración de Xustiza, tal como se acordou noutros Tribunais Superiores de Xustiza de España, solicitamos que nese momento se realice un envío gradual das notificacións e emprazamentos pendentes, co fin de non colapsar os despachos profesionais.

Neste sentido hai que sinalar que a en moitos órganos parece que non tivo incidencia relevante a folga, polo que entende este Consello que o máis viable é establecer unha cota de notificacións e emprazamentos máxima por órgano, controlado por cada oficina xudicial.

A devandita cota concretaría o número de notificacións e emprazamentos que cada órgano pode facer ao día, a fin de non colapsar aos despachos profesionais.

Unha medida similar a esta solicitouse polos representantes da profesión noutros territorios e foi acordada, até o momento, polo TSX de Aragón.

Polo anterior **SOLICITAMOS** a esa Secretaría de Gobierno que, logo do expediente gubernativo que corresponda e para cando se desconvoque a folga, dean instrucións aos Letrados/as da Administración de Xustiza que a secundaron, independentemente do número de días, e do número de notificacións e emprazamentos que teñan pendentes, para que libren soamente aquelas que se establezan.

Asinado,

Lourdes Carballo Fidalgo

Presidenta do Consello da Avogacía Galega

